

Santiago de Compostela, 23 de marzo de 2010

PREVISIÓN INFORMATIVA

Asunto	Xornada sobre “Responsabilidade Ambiental”
Organiza	Colexio Oficial de Biólogos de Galicia -COBGA-
Lugar	Facultade de Bioloxía da USC (Santiago)
Data	mañá mércores, 24 de marzo (16:00-20:00 h)

Os biólogos informarán sobre a responsabilidade ambiental das empresas e actividades con potencial contaminante

(Vía Láctea Comunicación).- O **Colexio Oficial de Biólogos de Galicia -COBGA-** e a entidade de certificación EQA organizan mañá mércores unha xornada informativa sobre responsabilidade ambiental. Celebrarase na Aula Magna da Facultade de Bioloxía da Universidade de Santiago.

A xornada reunirá a expertos en seguros e consultores no eido ambiental. Abordarán a lexislación que existe neste ámbito, en particular a Lei de Responsabilidade Ambiental, que regula as obrigas dos que desempeñan actividades económicas ou empresariais de cara a previr, evitar e reparar os danos no medio. Abordaranse os principais requisitos que a normativa establece para a súa aplicación por parte das empresas con maior potencial contaminante, así como os métodos de traballo que deben seguirse para cumprilos.

Tal como explica o coordinador do curso, o biólogo **Fernando García Sanz**, esta lei establece que determinadas actividades deberán dispor dunha garantía financeira destinada a cubrir os custos do posible dano que poidan xerar. Nesta liña, durante a xornada informarase dos métodos e ferramentas que existen en cada sector, en función da súa perigosidade, para a análise de riscos ambientais.

Con esta iniciativa búscase ademais fomentar a colaboración entre os diferentes profesionais que interveñen en cada unha das etapas de aplicación da normativa de responsabilidade ambiental.

PRENSA Colexio Oficial de Biólogos de Galicia – COBGA

981 55 44 07 ... www.vialactea.es